CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ACTA Nº 2022/2

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

PRESIDE:
JUAN MANUEL SABORIDO RAMA
ASISTEN:
PSOE
MARÍA MERCEDES NOCEDA GÓMEZ
SANDRA FERNÁNDEZ SIABA
JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REY
PP
AGUSTÍN MANUEL GONZÁLEZ DOSIL
JOSÉ ELISARDO GARCÍA LAGO
PEDRO LADO RIVEIRO
BNG
MARÍA BELÉN CAMPOS DÍAZ
MARÍA PILAR TUBÍO LARIÑO
MANUEL MÁXIMO SOUTO BARREIRO
SECRETARIO
JOSÉ LUIS VEIGA SIERRA

No Salón de sesións da Casa do Concello de Carnota, ás 20:00 horas do día 5 de abril de 2022, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, conforme ao réxime de sesións acordado polo Pleno en cumprimento do establecido no artigo 46.1 daLei7/1985,LBRL. Correspondía a celebración de sesión ordinaria o último xoves do mes de marzo, e por acordo dos grupos políticos acordouse trasladar a data de celebración ao 5 de abril, mantendo o carácter ordinario

Comprobada a existencia de quórum suficiente e o cumprimento dos demais requisitos formais legalmente esixidos para a válida celebración do acto, o Presidente declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os diversos asuntos incluídos na orde do día que se incluíron na convocatoria.

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

I. PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.

De acordo co previsto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, ROF, pregunta o presidente se algún membro da Corporación desexa facer algunha observación con respecto á acta da sesión anterior (n.º2021/7 do 25/11/2021) que se entregou coa convocatoria.

Non se realizan observacións, polo que se considera aprobada a Acta por unanimidade.

2. Tomar coñecemento do falecemento do concelleiro D. Rafael Piñeiro e comunicación á XEC.

Pola presidencia infórmase da seguinte proposta:

Con fecha 02/03/2022 fallece D. Rafael Riveiro Piñeiro, Concejal de este Ayuntamiento por el Partido Socialista de Galicia-PSOE, cargo que ocupaba en este Ayuntamiento desde que tomó posesión del mismo, tras las elecciones locales del 26 de mayo de 2019.

En cumplimiento de los artículos 9.2 del Real Decreto 2568/1986, de 26 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, y 182 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, la Corporación, por unanimidad,

ACUERDA

PRIMERO. Tomar conocimiento del fallecimento del concejal del Ayuntamiento de Carnota D. Rafael Riveiro Piñeiro.

SEGUNDO. Comunicar este Acuerdo a la Junta Electoral Central para que remita esta las credenciales de D. Cándido Justo Figueira Lestón, siguiente en la lista, de los que concurrieron a las últimas elecciones municipales, para que pueda tomar posesión de su cargo.

Non habendo intervencións, a Corporación tomou razón.

3. Dar conta da liquidación do orzamento do 2021.

Dáse conta ao Pleno da Corporación da resolución da Alcaldía n.º 142/2022 de data 11/03/2022, pola que se aproba a liquidación do orzamento do exercicio económico 2021 que de seguido se transcribe:

“Formada a liquidación do orzamento do exercicio económico do 2021.
R E S O L V O

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Primeiro:
Aprobar a liquidación do orzamento do exercicio económico do 2021 cun estado de remanente positivo de Tesourería que é o seguinte:
LIQUIDACIÓN CONCELLO DE CARNOTA:

1. Fondos líquidos	338.344,93 €
2. Dereitos pendentes de cobro	
2.276.425,35 €	
+Ppto. Corrente	2.050.993,73 €
+Pptos. Pechados	224.173,08 €
+Op. Non presup.	1.258,54 €
3. Obrigas pendentes de pago	381.557,65 €
-Ppto. Corrente	219.165,75 €
-Pptos. Pechados	1.977,33 €
-Op. Non presup.	160.414,57 €
4. Partidas pendentes de aplicación	0,00 €
(pagos pendentes de aplicación definitiva)	
5. Remanente de tesourería total	
2.233.212,63 €	
6. Exceso de financiación afectada	
1.737.028,00 €	
7. Saldos de dudoso cobro	147.483,54 €
8.Remanente de tesourería para gastos xerais:	
348.701,09 €	

Segundo:
Dar conta ó pleno desta resolución."

Non habendo intervencións, a Corporación deuse por enterada.

4. Aprobación inicial da desafectación do edificio sito en Pedramarrada (referencia catastral 2821102MH9422S0001FL), cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

Pola presidencia infórmase da seguinte proposta:

"Considerando que, por Providencia de Alcaldía de data 24/02/2022, iniciouse expediente relativo á proposta de desafectación do ben EDIFICIO EN PEDRAMARRADA (referencia catastral 2821102MH9422S0001FL), propiedade deste Concello, que será destinado ao fomento da participación veciñal, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.
Considerando que, con data 24/02/2022, emitiuse informe de Secretaría en

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

relación co procedemento e a Lexislación aplicable para levar a cabo a desafectación do ben de dominio público referenciado.
Considerando que, con data 15/03/2022 emitiuse informe polos Servizos Técnicos sobre a oportunidade ou necesidade da desafectación do ben, segundo a Lexislación vixente.
Considerando que, solicitouse nota simple acreditativa da inscrición de devandito ben no Rexistro da Propiedade de Muros e, con data 15/03/2022, emitiuse certificado de Secretaría sobre a anotación do ben no Inventario de Bens deste Concello como ben de dominio público.
Visto o Informe de Secretaría de data 15/03/2022 e de conformidade co disposto nos artigos 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e nos artigos 22.2.l) e 47.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno adopta por maioría absoluta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a desafectación do ben EDIFICIO EN PEDRAMARRADA (referencia catastral 2821102MH9422S0001FL), propiedade deste Concello, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO. Publicar este Acordo no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello, durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.
Así mesmo, o expediente atoparase disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección https://carnota.gal].

Despois de tratar o asunto por todos os concelleiros para manter a cualificación xurídica actual, a Secretaría propón estudar con maior detalle esta proposta e retirala da orde do día, coa conformidade de todos os asistentes.

5. Modificación acordo solicitude POS+2022.

Pola presidencia infórmase da seguinte proposta:

ANTECEDENTES

O pleno da Corporación na sesión celebrada o 27/01/2022, adoptou entre outros o seguinte acordo:

*"1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial*

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022","achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	*79.307,85€*
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	*0*
Subtotal gasto corrente	*79.307,85*

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Achega municipal***	***IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	***Orzamento total***
Rúa en Vilar de Parada	*68.397,84*	*0*	*509,80*	*509,80*	*68.907,64*
Subtotal investimentos achega provincial 2022	*68.397,84*	*0*	*509,80*	*509,80*	*68.907,64*

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Achega municipal***	***IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	***Orzamento total***
Rúa en Mallou	*35.740,80*	*2.998,43*	*0*	*2998,43*	*38.739,23*
Rúa en Pedrafigueira	*69.321,37*	*2.383,69*	*614,75*	*2998,44*	*72.319,81*
Subtotal investimentos	*105.062,17*	*5.382,12*	*614,75*	*5.996,87*	*111.059,04*

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

achega provincial 2021					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	***PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda***
ABANCA	*10.000,00*
ABANCA	*1.116,16*
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	*11.116,16*

Resumo:

			Concello			
POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		***Deputación***	***Concello***	***IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)***	***Total concello***	***Orzamento Total***
A- GASTOS CORRENTES	***Achega 2022***	*79.307,85*				*79.307,85*
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	*0*				*0*
B- INVESTIMENTOS	***Achega 2022***	*68.397,84*	*0*	*509,80*	*509,80*	*68.907,64*
	Achega 2021	*105.062,17*	*5.382,12*	*614,75*	*5.996,87*	*111.059,04*
C- REDUCIÓN DÉBEDA	***Préstamo 2022***	*11.116,16*				*11.116,16*
	Achega 2022	*148.215,49*	*0*	*509,80*	*509,80*	*148.725,29*
	Achega 2021	*105.062,17*	*5.382,12*	*614,75*	*5.996,87*	*111.059,04*
	Préstamo 2022	*11.116,16*				*11.116,16*
	TOTAL	*264.393,82*	*5.382,12*	*1.124,55*	*6.506,67*	*270.900,49*

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	***Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)***	***IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)***	***Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)***
Rúa en Maceiras	*74.140,11*	*0*	*74.140,11*
Novos vestiarios no campo de fútbol de Lombáns. Carnota	*75.105,28*	*0*	*75.105,28*
TOTAIS	*149.245,39*	*0*	*149.245,39*

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.
5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Este concello presentou a través da PLATAFORMA SUBTEL a documentación para participar no dito Plan, sendo o acordo adoptado polo pleno o correspondente co ANEXO I da solicitude.

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Revisada por parte da Deputación Provincial a documentación presentada en canto ao dito anexo, realizan observación en relación coa posibilidade ou non de deducir o IVE nos investimentos (só abastecemento de auga potable).

As bases da convocatoria ao respecto sinalan o seguinte:
"Se os investimentos teñen por obxecto, en todo ou en parte, actuacións de abastecemento municipal de auga potable, dado que neste suposto o IVE soportado, con carácter xeral, é deducible, este IVE non terá o carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial, debendo determinarse xa no momento da presentación da solicitude de participación no Plan, nos Anexos I, V e X, o importe concreto de IVE deducible non subvencionable".

Os proxectos de **Rúa en Vilar de Parada e Rúa en Pedrafigueira**, segundo informan os servizos técnicos municipais, contan cunha parte do orzamento destinado ao abastecemento de auga potable, para os cales se consideraba que o IVE era deducible.

D Visto o requirimento da Deputación e considerando que a Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido establece no **seu artigo 7 as operacións non suxeitas ao imposto.**

E Visto que no apartado 8, letra f) indica que en todo caso estarán suxeitas ao imposto as entregas de bens e prestacións de servizos que as Administracións, entes, organismos e entidades do sector público realicen no exercicio das actividades que a continuación se relacionan:

...b) Distribución de auga...

Non obstante, no apartado 9 do dito artigo indícanse como operacións non suxeitas as concesións e autorizacións administrativas, con excepción das seguintes:

a) As que teñan por obxecto a cesión do dereito a utilizar o dominio público portuario.

b) As que teñan por obxecto a cesión dos inmobles e instalacións en aeroportos.

c) As que teñan por obxecto a cesión do dereito a utilizar infraestruturas ferroviarias.

d) As autorizacións para a prestación de servizos ao público e para o desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais no ámbito portuario."

Non figura nesta relación do apartado 9º as empresas concesionarias de auga, polo tanto estas non están suxeitas ao imposto.

Polo exposto, dado que o concello de Carnota explota o servizo de abastecemento municipal de auga potable a través da empresa

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

concesionaria do servizo Espina&Delfín S.L. , existe un erro na solicitude, debendo emendar a mesma, pois o Concello non pode deducir o IVE, e polo tanto é subvencionable pola Deputación Provincial.

De conformidade con todo o indicado **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación o seguinte acordo que rectifica o acordo do pleno celebrado o 27/01/2022:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022","achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	79.307,85€
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0
Subtotal gasto corrente	79.307,85

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	**FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO**				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Achega municipal**	**IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	**Orzamento total**
Rúa en Vilar de Parada	68.907,64	0,00	0,00	0,00	68.907,64
Subtotal investimentos achega provincial 2022	68.907,64	0,00	0,00	0,00	68.907,64

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	**FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO**		
		Concello	

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Achega municipal**	**IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	**Orzamento total**
Rúa en Mallou	35.740,80	2.998,43	0,00	2998,43	38.739,23
Rúa en Pedrafigueira	69.321,37	2.998,44	0,00	2998,44	72.319,81
Subtotal investimentos achega provincial 2021	105.062,17	5.996,87	0,00	5.996,87	111.059,04

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	**PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda**
ABANCA	10.000,00
ABANCA	1.116,16
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	11.116,16

Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		**Deputación**	**Concello**	**IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total concello**	**Orzamento Total**
			Concello			
A- GASTOS CORRENTES	**Achega 2022**	79.307,85				79.307,85
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0				0
B- INVESTIMENTOS	**Achega 2022**	68.907,64	0,00	0,00	0,00	68.907,64
	Achega 2021	105.062,17	5.996,87	0,00	5.996,87	111.059,04
C- REDUCIÓN DÉBEDA	**Préstamo 2022**	11.116,16				11.116,16

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

	Achega 2022	148.215,49	0,00	0,00	0,00	148.215,49
	Achega 2021	105.062,17	5.996,87	0,00	5.996,87	111.059,04
	Préstamo 2022	11.116,16				11.116,16
	TOTAL	264.393,82	5.996,87	0,00	5.996,87	270.390,06

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	**Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)**	**IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)**	**Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)**
Rúa en Maceiras	74.140,11	0	74.140,11
Novos vestiarios no campo de fútbol de Lombáns. Carnota	75.105,28	0	75.105,28
TOTAIS	149.245,39	0	149.245,39

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100%

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

do seu importe.
7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Non habendo intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 4 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo BNG, 3 do grupo do PP
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta.

6. Mocións presentadas.

6.1. RE 202299900000145 de 18/03/2022. Inflación.

Por parte da concelleira do BNG, María Belén Campos Díaz dáse lectura da moción que de seguido se transcribe:

Moción relativa ás actuacións que deben impulsar os gobernos galego e central para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economía galegas.
O Grupo Municipal do BNG do Concello de Carnota presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.
Exposición de motivos:
Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.
A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.
A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custo tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén,

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.
2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.
3. Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.
4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.
5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.
6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.
7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.
8. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.
9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.
10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

Non habendo intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 4 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo BNG, 3 do grupo do PP
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta.

6.2. RE 202299900000161 de 26/03/2022. Sahara.

Por parte da concelleira do BNG, María Pilar Tubío Lariño, dáse lectura da moción que de seguido se transcribe:

Moción de apoio ao Pobo Saharauí
O Grupo Municipal do BNG do Concello de Carnota presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.
Exposición de motivos:
Diante da decisión do goberno español de asumir a postura de Marrocos de non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí, o BNG

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

mostra o total rexeitamento á mesma. Esta supón a asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, aceptando o seu plan de autonomía, e que na práctica significa a anexión por Marrocos do territorio saharauí.

Consideramos a postura do goberno español como unha traizón ao pobo saharauí, xa que prégase aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación.

A postura do goberno español supón lexitimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en territorio saharauí. Ademais demostra que a política exterior do goberno español se alínea claramente cos posicionamentos dos EUA e Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, como é o caso da monarquía marroquí.

Esta decisión aumenta a situación de tensión nunha rexión na que a provocación de Marrocos en novembro de 2020, levou ao reinicio do enfrontamento bélico entre os exércitos saharauí e marroquí.

Supón a asunción de parte , e por tanto impide que o estado español poida xogar o papel que lle corresponde no proceso de descolonización como potencia administradora, en base á Carta das Nacións Unidas e aos acordos sobre descolonización da última colonia existente no continente africano.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, e ao seu único e lexítimo representante o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2.- Esixir do Goberno español:

a) A rectificación da decisión de asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, e polo tanto defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, a empezar pola ONU, que unanimemente se teñen pronunciado neste sentido.

b) Que esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sahara Occidental.

Non habendo intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 2 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo BNG, 3 do grupo do PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 2

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta.

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

II. PARTE DE CONTROL

1. Dar conta das resolucións do Alcalde desde a última sesión ordinaria.

A Corporación quedou informada das resolucións ditadas polo Alcalde desde a última sesión, que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras desde a mesma data da convocatoria.

2. Rogos e preguntas.

Escrito presentado en rexistro o 04/04/2022 co número 202299900000187:

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO PLENO ORDINARIO que se vai celebrar o día 5 de abril de 2022

María Belén Campos Díaz, como portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) do Concello de Carnota, ao abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e no exercicio dos dereitos recoñecio no artigo 14 e seguintes do mesmo texto legal, todo elo en relación coa normativa vixente en materia de transparencia e bo goberno.

Presenta as seguintes **preguntas** para resposta oral en pleno.

EXPOSICIÓN

No pleno do día 1 do outubro de 2020 o alcalde comunica aos membros da corporación municipal a súa intención de non contestar no mesmo pleno as preguntas que formule a oposición. Para que as preguntas sexan contestadas neste pleno este grupo municipal opta por facer as preguntas por escrito, sen perxuizo das que poda facer no mesmo pleno.

Á vista do elevado custo dos últimos pagos efectuados por este concello a "Espina e Delfín" (que ascenden a máis de 16.000€) e despois de que o Sr. alcalde levantara os reparos realizados polo secretario-interventor a estes pagos, polo grupo municipal do BNG formúlanse as seguintes **preguntas para resposta en pleno:**

1.- O mantemento e reparación destes bombeos non están incluídos no contrato prorrogado a "Espina e Delfín"?

O alcalde responde que os bombeos non están incluídos no contrato da concesionaria. Explica que cando existe unha avaría nos bombeos é necesaria unha reparación urxente, ante as consecuencias que se poidan orixinar.

2.- En caso de non estar incluídos; cando se contratou con esta empresa e cales son os termos do devandito contrato?

O alcalde responde que non existen contratos. Aclara que é a propia empresa a que avisa das incidencias nos bombeos, e, neste caso, o Concello debe actuar con celeridade.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, indica que Espina y Delfín é a concesionaria do mantemento do servizo de saneamento e factura aparte

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

estes arranxos. Faille saber ao alcalde que se o arranxo destes bombeos non está contemplado no contrato existente, debería sacarse a licitación o seu mantemento, porque as cantidades das facturas superan o límite do contrato menor.
O alcalde aclara que presentaron varias facturas, que suman na súa totalidade os 16.000 €, por producírense diferentes avarías.
A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere saber se no contrato prorrogado de Espina y Delfín, se inclúen ampliacións de redes de saneamento.
O alcalde responde que non.
A concelleira do BNG insiste en que superan os límites do contrato menor. Así mesmo, sinala que as avarías que se producen na Praza da Solaina entende que deberían ser reparadas por Espina, dentro do contrato existente, a non ser que se trate dun bombeo novo.
O alcalde infórmalle que as facturas se deben a reparacións de bombeos novos.
A concelleira do BNG recalca que debería licitarse a contratación destes novos bombeos.
3.- Á vista de que estes bombeos son compartidos co núcleo do Ézaro pertencente ao municipio de Dumbria, a canto ascende a achega do concello de Dumbría para paliar este importe de máis de 16.000€?
4.- Nestes dous últimos exercicios a canto ascende o importe achegado polo concello de Dumbria por utilizar o saneamento e depuración do concello de Carnota?
O alcalde respóndenlle que están en conversas co Concello de Dumbría e sinala que o secretario de Dumbría está estudando a forma para que este Concello realice a achega que lle corresponde. O alcalde explica que a concesionaria lle indica que a mellor forma é pór un contador na entrada do Pindo para saber a auga que consumen en Dumbría…
A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, faille saber ao alcalde que no Pleno de xaneiro de 2020 o seu grupo xa realizou unha pregunta nese sentido e le a resposta do alcalde nese Pleno:
“O alcalde di que se cadra temos outras compensacións de Dumbría e que desde o primeiro día manifestaron a vontade de pagar”.
A concelleira manifesta que ao grupo do BNG lle gustaría saber cales son esas compensacións do Concello de Dumbría para que, a día de hoxe, siga sen pagar. Advirte que o BNG no Pleno do 26/11/2020 efectúa esta mesma pregunta, se xa pagaba Dumbría estes bombeos. Afirma que o alcalde lles volve a indicar que queren pagar…, explica que pasaron dous anos e continúa todo igual. Asegura que o Concello de Carnota asume un pago de 16.000 euros, mentres a situación non se arranxa. Non entende como nestes dous anos non se realizaron as xestións necesarias para que o Concello de Carnota non siga pagando por un servizo prestado en Dumbría. Reitera saber que compensacións ten o Concello de Carnota do Concello de Dumbría.
O alcalde responde que, de momento, non hai ningunha compensación. Insiste en que o secretario de Dumbría lle explica que se trata dunha

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

situación difícil de arranxar e que están estudando para pagar o que lles corresponde.
O concelleiro do BNG, Manuel Souto, argumenta que se a veciñanza de Dumbría non paga polo servizo de saneamento non se vai a meter, igual que se non teñen Policía Local ou Protección Civil, pero o que si lle importa é que se o Concello de Carnota asume un gasto por riba do que lle corresponde, a este concelleiro non lle serve a resposta de que é unha situación difícil de arranxar.
O alcalde sinálalle que é unha situación que viña de tempo atrás e dilles que eles tampouco foron quen de solucionalo.
Os concelleiros entran en debate sobre este asunto.
O alcalde remata dicindo que non está dentro das súas posibilidades axilizar administrativamente o procedemento para que Dumbría efectúe o pago que lle corresponde.
A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, acláralle ao alcalde que cando eles gobernaban xa tiveran contacto co alcalde de Dumbría para que pagaran polo servizo que estaban recibindo. Insiste en que levan dous anos buscando fórmulas, e por riba, neste momento preséntanse todas estas avarías, que asume o Concello de Carnota.
O concelleiro do BNG, Manuel Souto, puntualiza que o gasto eléctrico dos bombeos tamén os asume o Concello de Carnota.
O concelleiro do PP, Pedro Lado, establece diferentes fórmulas para que o Concello de Dumbría pague o que corresponda.

Preguntas do BNG formuladas no anterior Pleno:

1. Situación laboral na que se atopa a traballadora María Rosa Rama Vilela, desde o 26/11/2021, data da resolución da Alcaldía a día de hoxe.

2. Se existe expediente administrativo ou resolución da Alcaldía na que se acorde a contratación da citada traballadora.

3. Sendo nulos de pleno dereito todos os decretos que deron orixe á contratación da traballadora, que tipo de relación contractual existe na actualidade entre a traballadora e o Concello.

O alcalde remítese á sentenza do Social e aos argumentos do Consello Consultivo.
A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, explica que a sentenza do Social é anterior á declaración de nulidade dos contratos, polo tanto, se os contratos son nulos de pleno dereito, os contratos non existen, e sinala que así o indica o alcalde nunha resolución. Quere saber en que situación laboral se atopa a traballadora, se se lle realizou outro contrato, se vai convocar a praza, segundo a RPT, mediante oposición... A proposta do BNG para regularizar a situación da traballadora, porque non pode estar sen contratos, é convocar a praza por oposición, como contempla a RPT.
O concelleiro do PP, José Elisardo García Lago, quere realizarlle unhas preguntas ao alcalde e mostra a súa disconformidade co documento que

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

resolve o recurso extraordinario de revisión. Explica que se estamos en presenza de nulidade de pleno dereito, radical, absoluta, os contratos de data 06/09/2007 e 10/09/2008 e prórrogas de 01/02/2010 e 09/09/2010, relativos á contratación e prórrogas da traballadora, se está a falar de algo inexistente, estase a falar dunha nulidade dende o principio, desde que o alcalde dita a resolución resolvendo o recurso extraordinario de revisión, porque é nulidade de pleno dereito, radical. Mostra tamén a disconformidade coa resolución porque se parte de cousa xulgada material, e, segundo o concelleiro non existe a cousa xulgada material. Aclara que pode existir cousa xulgada formal, porque a sentenza do Xulgado do Social, de data 22/07/2013, é firme, e dise na resolución que vén determinada por esa sentenza. Apunta que o BNG fixo mal o traballo, porque despiden a traballadora por dous motivos, por iso se declara nulo o despido. Pola redución de xornada por garda legal e outro por motivos políticos. O concelleiro prosegue a súa intervención apuntando que o orde penal é preferente con respecto á outros ordes, neste caso as sentenzas penais foron posteriores. Explica que hai que determinar se as sentenzas do penal anulan ou revocan, ou deixan sen efecto a sentenza do Xulgado do Social. Apunta a que hai que protexer os intereses do Concello e a asesoría xurídica do Concello non pode protexer os intereses da traballadora, porque a cousa xulgada material non existe, pódese falar de cousa xulgada formal, formal ata certo punto, porque se trata dunha sentenza que é firme. O informe do Consello Consultivo fai referencia a sentenzas do Tribunal Supremo, por unificación de doutrina, pero, segundo o concelleiro, non tratan o mesmo suposto fáctico. As sentenzas refírense a nomeamentos, contratos temporais, de nulidades de bases de convocatoria. Neste caso pártese dun delito, porque se é nulidade de pleno dereito podemos estar alongando o tema… dío por ben do Concello e tamén polo ben da propia traballadora. A pregunta que lle realiza ao alcalde é a seguinte, pode vostede cesar á traballadora, coa sentenza do Xulgado do Social firme?

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, argumenta que a Lei laboral contempla o despido dun empregado varias veces por distintas causas. Explica que había sentenzas do Supremo que non contemplaban o coidado de fillos menores de 12 anos como maternidade e outras sentenzas do Supremo si a consideraban. Antes de saír a sentenza da traballadora houbo unha unificación de doutrina e aplicaron que se consideraba como permiso de maternidade. Así mesmo, aclara que a sentenza do Social non remite a causas políticas. Insiste en que non había resolución penal cando se ditou a sentenza do Social. Aclara que non se pode ter a unha traballadora de forma irregular, polo que hai que regularizar a situación da traballadora.

Os concelleiros Elisardo e Pilar redundan no debate exposto.

Elisardo valora que a sentenza do Social quedou anulada polas sentenzas do penal, pero aclara que como non son matemáticas e hai xurisprudencia que di que non se pode impedir o servizo que presta a traballadora e hai que ir a xurisdición social para extinguir a relación laboral latente no tempo.

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

O concelleiro do PP, Pedro Lado, quéixase sobre o estado de conservación do parque do Pindo e tamén pola cantidade de lixo depositado na escultura do peixe.
O alcalde responde que baleiraron hoxe o peixe do Pindo e en canto ao parque infantil do Pindo trasládalle que lle encargaron ao Servizo de Urbanismo a realización do proxecto.

Non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, dándose por rematado o acto ás vinte e unha horas e catro minutos do día anteriormente expresado, estendéndose a presente acta. De todo o que, como secretario, dou fe.

O secretario, José Luis Veiga Sierra

O alcalde, Juan Manuel Saborido Rama

CVD: XYV0SM+blyxMEodLQfYr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.